

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA LICENCIA DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS

**ARTIGO 1º FUNDAMENTO E NATUREZA.**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 02.04, reguladora das bases de réxime local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, do 28312, reguladora das facendas locais, este concello establece a TAXA POLA LICENCIA DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, normas que atenden ó previsto no artigo 58 da citada Lei 39/88.

**ARTIGO 2º FEITO IMPOÑIBLE.**

- 1.- Constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal, tanto técnica como administrativa, tendente a verificar si os establecementos industriais e mercantís reunen as condicións de tranquilidade, sanidade e salubridade e calesquera outras esixidas polas correspondentes ordenanzas e regulamentos municipais ou xerais para o seu normal funcionamento, como orzamento necesario e previo para o outorgamento por este concello da licencia de apertura a que se refire o artigo 22 do Regulamento de servicios das corporacións locais.
- 2.- A tal efecto, terá a consideración de apertura:
  - a) A instalación por vez primeira do establecemento para dar comezo as súas actividades.
  - b) A variación ou ampliación da actividade desenvolvida no establecemento, aínda que continúe o mesmo titular.
  - c) A ampliación do establecemento e calquera alteración que se leve a cabo neste e que afecte ás condicións sinaladas no número 1 deste artigo, esixindo nova verificación das mesmas.
  - d) As transmisións inter-vivos que non sexan de pais a fillos e entre cónxuxes.
- 3.- Entenderase por establecemento industrial ou mercantil toda edificación habitable, estea ou non aberta ó público, que non se destine exclusivamente a vivenda, e que:
  - a) Se dedique ó exercicio dalgunha actividade empresarial: fabril, artesán, de construción, comercial e de servicios, que estea suxeita ó Imposto sobre Actividades Económicas.
  - b) Aínda sin desenvolverse aquelas actividades, servan de auxilio ou complemento para as mesmas, ou teñan relación con elas na forma que lles proporcionen beneficios ou aproveitamento, como por exemplo, almacens, sedes sociais, axencias, delegacións ou sucursais, escritorios, oficinas, despachos ou estudos.

**ARTIGO 3º.- SUXEITO PASIVO.**

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades que ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, titulares da actividade que se pretende desenvolver ou, no seu caso, se desenvolva en calquera establecemento industrial.

**ARTIGO 4º.- RESPONSABLES.**

- 1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.
- 2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

#### ARTIGO 5.- BASE IMPOÑIBLE.

Constitúe a base imponible desta taxa:

- 1.- A cota mínima do Imposto de Actividades Económicas segundo as tarifas que sinala o RDL 1175/90, Lei dos orzamentos xeral do estado para exercicios 1996 e 1993, ou as que se modifiquen por lei, multiplicándoseas polo coeficiente único do 0,8 sen engadir ningún elemento tributario.
- 2.- Se por aplicación do procedemento previsto no apartado anterior non fose posible determina-la base imponible considerarase como tal a renda anual que corresponda ó establecemento, que se determinará observando as seguintes regras:
  - a) Cando o suxeito pasivo sexa propietario, usufructuario ou titular dunha concesión administrativa sobre o establecemento, a renda anual será a que resulte de aplicalo tipo de xuros legal do Banco de España ó valor catastral que dito establecemento teña sinalado no Imposto sobre Bens Inmóbles.
  - b) Nos demais casos, a renda anual será a que satisfaga por cada establecemento por razón do contrato de aluguer, subaluguer, cesión ou calquera outro título que ampare a súa ocupación, con inclusión dos incrementos e contías asimiladas á renda, no seu caso. Se no contrato aparecen pactadas diferentes rendas para períodos distintos, tomarase como base a maior, aínda que corresponda a períodos anteriores ou posteriores á solicitude da licenza. Cando a renda pactada sexa inferior á que resultase de aplicar a regra 1 anterior, tomarse como base imponible esta última.
  - c) Cando nun mesmo local existan, sin discriminación no título de ocupación do mesmo, espazos destinados a vivenda e a establecementos suxeitos á taxa, a base deste último será a que proporcionalmente á súa superficie lle corresponda no importe total da renda anual que, conforme ás regras precedentes, se impute a dito local.
  - d) Cando se trate da ampliación do establecemento, a base imponible será a renda anual que corresponda á superficie na que se ampliou o local, calculada con arranxo ó previsto nas regras anteriores.

#### ARTIGO 6.- COTA TRIBUTARIA.

- 1.- A estrutura e contía deste prezo público será a seguinte
  - 1.1.- As tarifas desta taxa serán equivalente ó 300% sobre a Base Imponible que sinala o artigo 5 desta ordenanza.  
No caso de que nalgún local se exerzan varias actividades aplicarase a porcentaxe anterior, soamente sobre a cota máis alta das actividades que se exerzan.
  - 1.2.- O 5,5% da renda anual que corresponda ó establecemento, se

non fose posible coñece-la base impositiva coa aplicación do procedemento anterior.

1.3.- As tarifas desta taxa experimentarán un recargo do 100% cando se trate da apertura de establecementos suxeitos ó Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas.

1.4.- Os dereitos mínimos por expedición de licenzas serán:

- 1.4.1.- Cando se trata de actividades comerciais ou industriais exentas do pago do IAE será de . 6.860 PTA
- 1.4.2.- Cando se trata de bancos ou caixas de aforro e outras entidades financeiras . . . . . 205.650 PTA
- 1.4.3.- Cando se trata de actividades molestas, insalubres, nocivas, etc. . . . . 18.595 PTA

2.- As débedas non satisfeitas en voluntaria serán satisfeitas na vía de constrinximento.

#### ARTIGO 7º.- EXENCIÓNS E BONIFICACIONES.-

Non se concederá exención ningunha; bonificándose no 50% da tarifa municipal nos casos de traslados do mesmo titular sempre que cese coa actividade no anterior local e sexa a mesma actividade a que se desenvolve no novo.

#### ARTIGO 8º.- DEVENGO.-

- 1.- Devengase a taxa e nace a obriga de contribuír, cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito impositivo. A estes efectos, entenderase iniciada dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licenzas de apertura, si o suceso pasivo formulase expresamente ésta.
- 2.- Cando a apertura tivese lugar sin obter a oportuna licenzas, a taxa devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se o establecemento reúne ou non as condicións esixibles, con independencia da iniciación de expediente sancionador por infracción tributaria.
- 3.- A obriga de contribuír, unha vez nada, non se verá afectada, en modo ningún, pola denegación da licenzas solicitada ou pola concesión desta condicionada á modificación das condicións do establecemento, nin pola renuncia ou desistimento do solicitante ~~unha vez concedida a licenzas~~

#### ARTIGO 9º.- DECLARACIÓN.-

- 1.- As persoas interesadas na obtención dunha licenzas de apertura de establecemento industrial ou mercantil presentarán previamente, no Rexistro Xeral, a oportuna solicitude, con especificación da actividade ou actividades a desenvolver no local acompañada da alta no IAE da actividade correspondente, do contrato de aluguer ou título de adquisición do local, indicando neste último caso si o local non tivera asimesmo valor catastral, o precio de adquisición ou o custo de construción do mesmo no seu caso.
- 2.- Se despois de feita a solicitude de licenzas de apertura se

variase ou ampliase a actividade a desenvolver no establecemento, ou se alterasen as condicións proxectadas por tal establecemento ou ben se ampliase o local inicialmente previsto, estas modificación poranse no coñecemento da Administración Municipal co mesmo detalle e alcance que se esixen na declaración prevista no número anterior.

#### ARTIGO 100.- LIQUIDACIÓN E INGRESO.-

- 1.- Rematada a actividade municipal e unha vez dictada a resolución municipal que procede sobre a licenzia de apertura, practicarase a liquidación correspondente pola taxa que será notificada ó suxeito pasivo para o seu ingreso directo nas arcas municipais utilizando os medios de pagamento e os prazos que sinala o Regulamento xeral de recadación.
- 2.- Non obstante, o concello poderá liquidar e esixi-lo importe da taxa no momento de presenta-la solicitude, en calidade de depósito previo.
- 3.- Cando o suxeito pasivo sexa propietario, usufructuario, concesionario do establecemento, e o local non teña sinalado valor catastral, practicarase unha liquidación provisional tomando como base imponible o valor de adquisición ou, no seu caso, o custo de construción do referido local. Unha vez fixado o valor catastral, practicarase a liquidación definitiva que proceda, deducindo desta cota a liquidada en provisional, ingresándose a diferenza nas arcas municipais ou devolvéndose de oficio, se así procedese, ó interesado o exceso ingresado por consecuencia da liquidación provisional.


#### ARTIGO 110.- INFRACCIONS E SANCIONS.

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria.

#### DISPOSICIÓN FINAL.-

A presente ordenanza fiscal, da que a súa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación nas sesións celebradas coas datas: 26.09.89, 28.04.92, 25.03.94 e 21.02.96, entrando en vigor unha vez transcurridos os prazos que sinala o artigo 70.2 da Lei 39/88, do 28.12 RFFLL, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

DILIXENCIA: A presente Ordenanza fiscal reguladora da Taxa de LICENCIAS DE APERTURA, foi ratificada polo Pleno da corporación na sesión celebrada ó efecto o día 21.02.96 e publicada nos BBOOP núms. 100 de datas 15.03 e 24.05.96.



Tui, 12 de xuño de 1996

# ANEXO Á ORDENANZA DA TAXA DE LICENCIAS DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS.

1.- A estrutura e contía desta taxa será a seguinte:

1.1.- As tarifas desta taxa serán equivalentes ó 300% sobre a Base Impoñible que sinala o artigo 5 desta Ordenanza; engadindo ó mesmo o anexo a partir do apartado 2º punto primeiro.

No caso de que nalgún local se exerzan varias actividades aplicarase a porcentaxe anterior, soamente sobre a cota máis alto das actividades a exercitar.

1.2.- O 5,5% da renda anual que corresponda ó establecemento, si non fose posible coñece-la base impoñible coa aplicación do procedemento anterior.

1.3.- As tarifas desta Taxa experimentarán un recargo do 100 % cando se trate da apertura de establecementos suxeitos ó Regulamento de Actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas.

1.4.- Os dereitos mínimos por expedición de licencia serán:

1.4.1.- Cando se trata de actividades comerciais ou industriais exentos do pago da licencia fiscal (ou iae a partir do 01.01.90)

será de..... 57,35

1.4.2.- Cando se traté de bancos ou caixas de aforro e outras entidades financeiras ..... 1.717,97

1.4.3.- Cando se trate de actividades molestas, insalubres, nocivas, etc ..... 155,32

1.4.4.- Anuncios de particulares no BOP, DOG, BOE e medios de información, que terán Que aboar, previamente, na Tesourería municipal,.....

o importe do anuncio polo seu custe.

1.4.5.- Comercio ó polo miúdo de calquera clase de produtos alimenticios e bebidas en réxime de autoservicio ou mixto en supermercados, nomeado así cando a superficie da súa sala de vendas sexa igual ou superior a 400 m<sup>2</sup>; "por cada m<sup>2</sup> de exceso s/400 m<sup>2</sup> .....

9,34

2.- As débedas non satisfeitas en voluntaria esixiranse pola vía de constrinximento.

3.- A obriga de contribuír, unha vez nada (unha vez iniciada a tramitación do correspondente expediente), non se verá afectada, en modo ningún pola denegación da licencia solicitada ou pola concesión desta condicionada á modificación das condicións do establecemento, nin pola renuncia nin polo desestimento do solicitante.

Tui, 19 de Novembro do 2007

DILIXENCIA.- Para facer constar que a modificación do..... correspondente ordenanza fiscal reguladora do/a..... foi aprobado, inicialmente, en sesión Plenaria de data 03/12/07. Exposto o público para os efectos de alegacións-reclamacións: no taboleiro de edictos desta Casa Consistorial, con data 17/12/07; e, no BOP nº 242, de data 12/12/07, quedaron definitivamente aprobado e publicándose o texto íntegro da súa modificación: no nº 42 de 29/02/08, dais de súa entrada en vigor. Tui de ..... de .....

O SECRETARIO - O INTERVENTOR

